

1949. PRESAS POLITICAS EN LOITA. FOLGA DE FAME NO CARCERE DE SEGOVIA.

Que os seus nomes non se borren da historia!

Lola Ferreiro Díaz

A *longa noite de pedra*, como lle chamou Celso Emilio Ferreiro aos case 40 anos de ditadura fascista, caracterizouse pola violencia do estado contra o pobo, a través da represión política, social, económica, cultural, relixiosa e lingüística, que foi especialmente cruel coas mulleres.

A primeira vaga represiva, que comezou en 1936, a medida que o exército sublevado ía tomando territorio, caracterizouse fundamentalmente por asasinatos masivos (con ou sen xuízo-farsa previo), torturas brutais e cárcere. A segunda vaga, a partires do 1 de abril de 1939, atinxe cotas inimaxinábeis en todo o estado e abrangue todas as modalidades posíbeis: execucións sumarias (entre 50.000 e 100.000 segundo a fonte), “paseos”, desaparicións forzosas, tortura, cárcere, exilio, espolio de bens e propiedades, persecución por motivos relixiosos (todas aquelas persoas que profesaban relixións distintas da católica ou non practicaban ningunha), prohibición das linguas propias nas nacións sen estado, censura de toda clase de publicacións, cinema, música, e un longo etcétera, configuran unha situación social escura e sumen a xente nun estado permanente de terror e tristura. Todo isto debuxa un panorama que se dá en chamar “os anos do terror”. Todo isto presidido pola máxima que o xeneral Máximo Cuervo Radigales, director xeral de prisións naquela altura, mandou colgar en todos e cada un dos cárceres do estado (non merece ser traducida á nosa lingua): *La seriedad de un banco, la disciplina de un cuartel, la caridad de un convento*. Boas palabras para a miseria, a fame, o hacinamento e a represión que se vivía dentro dos seus muros, que albergaban na altura 280.000 presas e presos, amoreados en 20.000 prazas.

En 1945, o eixe nazi fascista perde a guerra en Europa e o réxime, preocupado pola súa posíbel caída a mans dos “aliados”, levanta un pouco a man. Diminúen (que non cesan) os asasinatos e as execucións sumarias, danse algúns indultos que permiten a saída dos cárceres de xente con longas condenas (despois do indulto de 1946, a poboación penitenciaria pasa de 280.000 a 15.538) e pouco máis. Non moito despois, co comezo da resistencia armada, volve aumentar a violencia contra a cidadanía e, en xeral, o terrorismo de estado.

Se o obxectivo da represión foi sementar o terror para bloquear calquera expresión de disidencia, por pequeno que fora, a que se exerceu contra as mulleres tiña unha segunda finalidade engadida, que era empurralas a volver ao seu rol tradicional de esposas, amas de casa e nomeadamente nais.

A represión contra as mulleres e, en moitos aspectos, idéntica á que se exerce contra os homes (asasinatos, torturas, cárcere, etc.), pero a esta hai que lle engadir tres modalidades específicas: as agresións sexuais, o rapado do pelo e o roubo de criaturas.

As agresións sexuais eran as accións predilectas dos machos de Falange, asemade das que se levaban a cabo nos cuarteis da garda civil e nas comisarías da policía. Os falanxistas practicábanas nos seus cuarteis, nas casas das mulleres perseguidas, ou no monte, a onde as levaban para violalas de mil maneiras e asinalas despois.

O rapado do cabelo (co significado que tiña para as mulleres na altura) era habitual. Tras o rapado, facíanas desfilar polas rúas da vila ou da cidade con rótulos como U.H.P., ou “POR ROJA” pintados na fronte ou colgados do pescozo, a modo de cartaz, para escarnio e, nomeadamente “para que aprenderan todas as demais”.

Alén destas cuestións, non podemos deixar de lado o que supuxo para as mulleres a saída do cárcere. Varias presas políticas, dirixentes das organizacións ás que pertencían, quíxanse da deixación que estas fixeron sobre elas ao saíren das prisións. O mesmo Ricard Vinyes, historiador catalán que investigou exhaustivamente o tema, escribía: *Despois de escribir ‘El daño y la memoria’, vin algo que intuía e é que moitas mulleres afundíronse, non no cárcere, senón fóra dela. As organizacións marxínáronas, crearon un cordón arredor delas por se hai algún seguimento. Ningunha destas mulleres participou despois nos núcleos directivos da súa organización, e iso que na clandestinidade moitas tiñan demostrada a súa capacidade analítica e organizativa. As mulleres, cando saen do cárcere, viven no subsolo e só teñen unha actividade política destacada desde o novo sindicalismo ou desde o movemento asociativo. Neste senso, esta é unha xeración derrotada.*

A FOLGA DE FAME DAS PRESAS POLÍTICAS DE SEGOVIA

O cárcere de Segovia, na altura “Prisión Central de Mujeres”, reunía dentro dos seus muros unha inmensa cantidade de presas políticas (216 de 413 reclusas), moitas delas dirixentes comunistas. Igual que noutros cárceres as condicións de vida eran terribéis. Fame, sede, humidade ambiental, frío intenso no inverno e calor sufocante no verán, falta de servizos hixiénicos, ratas e cascudas campando ás súas anchas polas dependencias e mesmo na enfermaría. Un servizo sanitario deplorábel, con material de curas e xiringas sen limpar, nin moito menos esterilizar... aquel cárcere que fora



convertido por Victoria Kent nun centro de reclusión para homes enfermos e maiores de 60 anos, con todos os servizos ao día, foi nos anos ‘40 un centro de exterminio e de tortura.

Desde o momento en que se converteu en cárcere de mulleres, as presas políticas con estudos foron destinadas a traballar na oficina, o que lles permitiu levar a cabo algunhas accións que beneficiaron ás demais. Por

exemplo, falsificaron ou fixeron desaparecer expedientes xudiciais, o que reduciu condenas e propiciou, nalgúns casos, a saída en liberdade condicional, como veremos

máis adiante. Tamén lles permitiu pescudar na correspondencia dos órganos administrativos do cárcere e así anticiparse a algunhas das medidas que se anunciaban nela.

En xaneiro de 1949, descubriron que ía visitar a prisión unha avogada chilena (de nome M. Klinfel), en visita por Europa para facer un informe sobre os sistemas penais dos distintos países... e informaron as compañeiras, que decidiron aproveitar a dita visita para denunciar a súa situación. Efectivamente, aos poucos días chegou a señora Klinfel, acompañada por María Topete Fernández, falanxista e aristócrata, personaxe desapiadada e escura, na altura directora da “Prisión de nais lactantes” de Madrid, onde maltrataba sen compaixón ningunha as mulleres e as súas criaturas.

Na visita ás galerías, a avogada preguntoulle a Pilar Claudín (moi noviña naquela altura) por que estaba alí, respondéndolle ela que por opoñerse a Franco. Nese momento, Mercedes Gómez Otero, outra das presas, tomou a palabra e falou no nome das demais, explicándolle á avogada o que alí acontecía: faloulle da fame, do frío e dos maltratos diversos que recibían, así como da falta de hixiene. O seu relato foi interrompido varias veces polo crego do cárcere e pola propia María Topete, que lle dicían a berros que, nun réxime comunista, por moito menos, sería fusilada. Mercedes respondeulles que non se sabía o que ía ocorrer cando a comitiva marchara. Finalmente deuse por rematada a visita e a dirección do cárcere acordou mandar a Mercedes a unha cela de (máis) castigo, por tempo ilimitado.

Ante esta medida -por outra parte antirreglamentaria, xa que as sancións debían indicar a duración das medidas-, as presas políticas amotináronse, esixindo a non aplicación do castigo á compañeira ou, no seu defecto, o castigo para todas elas. Foron duramente reprimidas. Primeiro mandaron carcereiros da prisión provincial, que as golpearon brutalmente. Despois, á vista de que non as daban reducido, botáronlles encima ás presas sociais (agás algunhas, que apoiaron a protesta), que tamén as agrediron duramente. Malia a súa resistencia, as presas políticas de Segovia foron finalmente reducidas, pechadas nas súas celas e confiscadas todas as súas pertenzas (roupa, libros, comida, obxectos persoais, etc.), que amorearon no patio sen orde nin concerto, para despois levalas a un almacén, de onde “desapareceron” moitas das cousas.

Ante isto, deciden comezar unha folga de fame para esixir que suspenderan a sanción imposta a Mercedes Gómez, ou que lles impuxeran unha colectiva a todas elas. Esa mesma noite, a “Junta de Disciplina” acordou castigar a todas as presas: incomunicación total (oral e escrita), peche do economato, supresión dos paseos polo patio, bloqueo de paquetes e prohibición de facer traballos manuais, todo isto por tempo indefinido. Asemade, propoñía á instancia superior a perda do tempo “redimido” polo traballo e do dereito a redimir, a todas aquelas que, estando en situación de dita redención, se sumaran á folga, cousa que foi aceptada polas autoridades penitenciarias. Asemade disto, identificaron coma “cabecillas” a Enriqueta Otero, María Vales, Pilar López, Isabel Alvarado, Mercedes Gómez, Concha González, Josefina Amalia, Carmen Peinado, Gloria Cueto e Carmen Machado.

Pola mañá do día seguinte chegou á prisión un inspector do Ministerio, que mandou rectificar o informe do día anterior, excluindo del termos coma “motivación política” da folga, “folga de fame”, etc. Asemade, realizou unha segunda investigación,

comprobando que o “xaxún voluntario” (como lle chamaron no novo informe), fora secundado por 171 presas (a práctica totalidade das políticas e 13 das sociais). Asemade, engadiulle varios nomes á lista das “cabecillas” feita o día anterior, acusándoas de indutoras directas do motín e da folga. As anteditas 14 presas eran: Ángeles Rodríguez, María Salvo, Antonia García Alonso, Antonia García Díaz, Juana Corzo, Florinda Puntós, Gabina Gutiérrez, Nieves Torres, Faustina García, María Cucota, Isabel Carrillo, Lucía Povedano, Francisca Molina, Cecilia Cerdeño, María Postigo, Fina González Cudeiro, María Blázquez e Mercedes Alonso. Todas elas foron sancionadas, por falta moi grave, a 60 días de reclusión na cela, e a proposta perante o Padroado da perda do tempo redimido. Asemade, outras 134 mulleres foron sancionadas por falta grave, como “colaboradoras”.

As condicións da chamada “reclusión en cela” foron terribéis. Celas inmundas da planta baixa, que non se usaban precisamente polas súas pésimas condicións, sen ventá, sen luz e sen auga; húmidas e frías. Malia todo isto, elas continuaron coa folga de fame, baixo presións de todo tipo, mesmo a de lles ser revogada a liberdade condicional ás que estaban a piques de recibila.

O director do cárcere, que se sentiu ninguneado polo inspector especial, decide desde entón aumentar o control e as medidas represivas contra as presas políticas. A moitas, retíralles o petate e as mantas durante o día, a algunhas prolóngalles o período de “reclusión en cela” (nalgún caso ata 5 meses), a outras, enfermas desde antes da folga ou como consecuencia desta, non se lles dispensa atención médica nin medicamento ningún e a todas elas se lle dá un trato moito peor que o que recibían antes dos incidentes de xaneiro.

O saldo da folga de fame foi positivo, segundo as máis das presas que participaron e nomeadamente en canto ás consecuencias políticas: castigo colectivo e non só para Mercedes Gómez Otero, maior unidade entre as militantes de diferentes partidos e incorporación ás organizacións dalgunhas que non estaban. Tamén tivo algunha consecuencia material, coma a provisión de colchóns nas celas, dos que non dispuñan esa altura. Como consecuencias negativas, empeoramento dalgunhas das condicións na prisión, nomeadamente do economato, das actividades e do traballo para a redención de pena.

En suma, a folga de fame foi todo un exemplo de dignidade, de capacidade organizativa, de xenerosidade e de compromiso político. Unha vez máis, as mulleres puxeron de manifesto a súa valía, en todos os aspectos. Para contribuír a visibilizar este episodio, as súas protagonistas e a súa importancia histórica.

O 17 de outubro de 2009 inaugurouse o monumento ás mulleres encarceradas na Prisión Central de Mujeres de Segovia. Foi promovido pola Asociación de Expres@s Polític@s e financiado polo Ministerio da Presidencia. Situado nun parque a carón do dito cárcere, representa unha muller semiespida e encadeada a unha reixa, como derrubándoa.



1. MERCEDES GOMEZ OTERO. "MERCHE"

Naceu en Madrid, o 10 de agosto de 1915, no seo dunha familia obreira. O pai (Mamerto Gómez) era condutor de tranvías e tiña unha importante actividade sindical na UGT, o que lle permitiu a Mercedes ver a necesidade da loita para conseguir as lexítimas pretensións da clase obreira, xa desde ben pequeniña.

En 1921 falece a nai, cando Mercedes contaba só con 6 anos. Malia as dificultades que representaba esta situación, ela asistiu á escola ata os 12, o que lle permitiu atinxir unha formación elemental e pola súa vez pouco habitual nas nenas de familias obreiras naquela altura. Cando deixa a escola entra a traballar como aprendiz nun taller de costura e, pouco despois, comeza a súa actividade política, primeiro en contacto con compañeiras do taller, que pertencían ás Xuventudes Comunistas e pouco máis adiante afiliándose ela mesma á dita organización. En 1935 incorpórase tamén ás Milicias Antifascistas Obreiras e Campesinas (MAOC), xermolo do que sería o V Rexemento. En 1936, tras a unificación das xuventudes socialistas e comunistas, pasa a formar parte das Xuventudes Socialistas Unificadas (JSU).

Cando se produce o golpe de estado fascista, Mercedes traballa no taller de costura, leva a portería dun edificio e desenvolve un intenso labor de militancia política e social. Como a defensa da legalidade republicana require toda a axuda posíbel, cambia o taller de costura por outro, no que se facía roupa para os milicianos que estaban na fronte de guerra. Posteriormente traballa como enfermeira nun Hospital de Sangue. Asemade, ingresa no PCE e, en 1938, bota tres meses en Barcelona, formándose como cadro política. De volta a Madrid, incorpórase ao Comité Provincial do partido.

A traizón de Casado e a entrega de Madrid ás tropas franquistas cóllea en Ciudad Real e xa non pode volver. Marcha a Alicante e alí é detida cando tentaba embarcar para marchar ao exilio. Bota uns días recluída nun dos cinemas da cidade, habilitado como centro de detención, para ser posta en liberdade (como tantas outras) e regresa a Madrid, pasando á clandestinidade e colaborando activamente na reorganización do partido, así como en tarefas de protección das e dos militantes que se tiñan que agochar.

Pouco dura esta actividade. A xente que traballaba na clandestinidade é delatada por Emiliano Martínez Blas, infiltrado na JSU polo SIPM (Servizo de Información da Policía Militar) e Mercedes, entre outras moitas persoas, resulta detida. Primeiro lévana para a comisaría de San Jerónimo, onde é interrogada e torturada polos axentes da Sección de Guerrilleiros da Policía Militar. Despois ingresa no cárcere de Ventas. O xuízo celébrase no ano 1941 imputándolle delitos presuntamente cometidos durante a guerra e outros posteriores a abril de 1939. Resulta condenada a de 20 anos e, malia que a indultan polos "delitos" da guerra, debe cumprir polo resto.

En 1943 trasládana ao cárcere de Segovia, onde había presas políticas que desenvolvían actividade de oficinas e, en ocasións, lograban trampear os expedientes dalgunha xente. Este foi o caso de Mercedes; fixeron desaparecer a documentación relativa á súa actividade na posguerra, quedando así a da guerra pola que estaba

indultada. Logra convencer o director de que estaba alí sen motivos e este déixaa saír en liberdade o 22 de decembro dese mesmo ano.

Unha vez fóra do cárcere volve a Madrid, onde participa activamente na guerrilla urbana, que organizara o PCE en 1944, baixo o nome de “Cazadores de la Ciudad” para desestabilizar o réxime de Franco. Mercedes era responsábel da información sobre posíbeis obxectivos. Un deles, en cuxa preparación participou, foi o asalto ao Centro de Falanxe en Catro Camiños, no albor do 25 de febreiro de 1945.

Entre o 20 de marzo e o 11 de abril de 1945, a policía militar desarticula a organización e deteñen as persoas que a integran. O 23 de abril ten lugar o consello de guerra contra todas elas. A sentenza inclúe 7 condenas a morte (executadas o 28 de abril) e 3 condenas a 12 anos de cárcere cada unha.

O 11 de maio deteñen a Mercedes, xunto con varios compañeiros. Novos interrogatorios, novas e brutais torturas e, o 31 de xullo, o consello de guerra dita penas de morte para catro delas (entre as cales está Mercedes) e penas de 30 anos de cárcere para o resto. Mercedes pasa 3 meses no cárcere de Ventas, completamente illada das demais presas e agardando cada noite que a saquen para fusilala. Conforme ela mesma contou despois, a media noite de cada unha destas xornadas sentía o alivio de poder durmir tranquila, porque as sacas eran antes das 00:00 horas.

Pola súa vez, a irmá de Merche, Isabel, solicita o indulto para ela e, xunto con outras mulleres do PCE, promove unha campaña internacional. Como resultado destas presións, conmútanlle a pena de morte pola de 30 anos de reclusión a ela e a outro compañeiro, Hilario Pérez Roca, xusto o véspera das execucións. As outras dúas penas de morte, contra Dalmacio Esteban González e Pantaleón Fernández Bordas, son finalmente executadas o 31 de outubro. Na altura, sacan a Mercedes do illamento e lévana para unha das galerías de Ventas, onde se atopa con outras compañeiras e amigas, e tamén coñece a Pilar Calzado, unha funcionaria de prisións, militante do PCE, que conseguiu enganar ao réxime levando esta dobre vida durante máis de 10 anos.

En Ventas foi unha das que organizou unha folga de fame de varios días, en solidariedade con Petra Cuevas, á que meteran en illamento porque se negou a entregar un exemplar de “Mundo Obrero” que levaba na man, entregándollo a outra presa e evitando así que caera en mans das carceleiras. Por este motivo, as presas implicadas foron trasladadas a Málaga, onde fixeron un plante para protestar polas condicións nas que vivían e, como consecuencia, trasladáronas a Segovia, onde botaron un tempo en celas de castigo polo ocorrido en Málaga. Era o mes de setembro de 1948.

En xaneiro de 1949 denuncia a situación na que se atopan as presas, aproveitando a visita dunha avogada chilena, conforme se relatou na primeira parte deste documento. Como consecuencia, foi a que máis tempo botou na cela de isolamento.

Conta a propia Mercedes que desde os últimos tempos de Segovia, pouco despois da folga de fame, comezaron as súas diferenzas co PCE. Fala de privilexios dalgunhas, de expulsións doutras, por discrepancias coa dirección (mesmo se solidariza con algunha das expulsadas). Pouco a pouco vaise afastando, ata que, en 1959, xa no cárcere de Alcalá de Henares, deixa a súa militancia organizada.

Mercedes sae en liberdade o 7 de novembro de 1961, con 46 anos e despois de cumprir case 21 de cárcere, sumando os dous períodos.

Desde aquela altura, Mercedes residiu en Madrid, onde coñeceu ao que sería o seu segundo compañeiro de vida, Tomás Veneroso, que tamén estivera 15 anos nos cárceres de Franco pola súa pertenza ao SRI. Ao que fora a súa primeira parella, Ramón Guerreiro Gómez, guerrilleiro antifascista, matárao a garda civil en maio de 1948, estando Mercedes no cárcere.

Mercedes seguiu conservando amizade con moitas compañeiras e compañeiros do PCE, coas que se reunía frecuentemente para comentar a prensa e falar de temas diversos. A súa militancia organizada rematou cando deixou o PCE, pero as súas ideas seguiron intactas e, como ela mesma dixo, repetiría os seus actos, sen dubidalo, se fora necesario.

Non fun quen de precisar se Mercedes Otero segue viva a data de hoxe. A última referencia que puiden ver é de 2014... como ocorre con tantas mulleres represaliadas, máxime se deixaron o partido.

2. JOSEFINA AMALIA VILLA. "JOSE-AMALIA", "JOSE"

Naceu en León, o 7 de abril de 1918, por casualidade. Seu pai, nado en México, vivira en Asturias boa parte da súa vida, era funcionario e fora destinado a León, por iso Josefina naceu alí.

Cursou estudos primarios e de bacharelato, e ingresou na Universidade de Salamanca, para facer a carreira de Filosofía e Letras. Alí afiliouse á FUE (Federación Española Universitaria) e tamén alí tivo lugar o episodio que dou lugar á súa detención tres anos máis tarde. Na Universidade de Salamanca estaba prohibida a distribución de revistas e prensa políticas por orde do reitor, Miguel de Unamuno. Un falanxista, de nome Alonso Cardona, chegou con unha chea de xornais da Falanxe. Ela tentou de impedir que os distribuía, empurrándoo, co que o falanxista e os xornais acabaron no chan. Josefina Amalia foi denunciada por este suxeito nada máis caer Salamanca nas mans dos fascistas, en 1936. Por sorte, ela non se atopaba alí, senón en Madrid, a onde se desprazara para acompañar ao seu irmán a Barcelona, onde este ía participar nas Olimpíadas Populares.

Nos primeiros tempos da defensa de Madrid alóxase na Residencia de Estudiantes e colabora no que pode, realizando á vez estudos de enfermaría, para traballar en hospitais de sangue. En 1938 trasládana a Murcia, onde segue desenvolvendo o seu labor como enfermeira no Hospital do Aire ata o 1 de abril de 1939. Retornou a Madrid, aloxándose na casa dunhas amigas do seu irmán, onde a detiveron o 7 de abril, perseguida por Alonso Cardona, que non esqueceu o incidente en Salamanca (algunhas fontes din que a delatou o seu propio pai e que mesmo presenciou os interrogatorios. Outras din que foi o pai quen moveu as súas influencias para que a puxeran en liberdade baixo fianza).

Os 14 días que a tiveron en gobernación, foi sometida a toda clase de torturas que, entre outras secuelas, deixárona sen varias moas e danáronlle os tímpanos para sempre, deixándoa practicamente xorda. Pero tamén viviu, dentro daquel horror, algunha experiencia positiva, como a de coñecer a facerse amiga de Matilde Landa Vaz (1904-1942). Josefina Amalia foi unha das mulleres que se afiliou ao PCE estando detida e sometida a torturas, animada pola enteireza e a dignidade de Matilde. Algo despois, xa no cárcere de Ventas, colaborou estreitamente con ela na creación e no desenvolvemento da “oficina de penadas”, que se dedicaba a axudar as presas condenadas a morte a redactar e tramitar as solicitudes de conmutación das penas, conseguir avais para apoialas, etc. Pero sobre todo, a que se sentiran acompañadas e apoiadas naquela situación terríbel. Se temos en conta que moitas das condenadas eran analfabetas e non entendían nada da súa situación, o seu labor na oficina foi valiosísimo, logrando as conmutacións solicitadas en moitos casos.

Contaba ela mesma que, cando ingresou no cárcere de Ventas (creada por Victoria Kent Siano en 1931, con capacidade para 500 reclusas) había unhas 3.500 mulleres. Cando saíu en liberdade provisional, o 2 de setembro dese mesmo ano, había 5.000. As condicións eran deplorábeis. Durmían ata 11 en cada cela individual, nos corredores e ata nos baños. Non se podían pechar as portas. De feito, só estaban pechadas as de acceso á rúa.

A segunda detención de Josefina foi o 20 de marzo de 1940, con motivo da celebración do consello de guerra no que estaba encausada. Tras 2 días en Gobernación, ingresa de novo no cárcere de Ventas, saíndo en liberdade o 18 de maio. Nesta ocasión sae co compromiso de actuar como enlace do PCE.

Desenvolvendo tal labor de enlace coñece a Heriberto Quiñones, que reorganizara o Partido en Madrid. Colaborou con el e asemade foron compañeiras de vida uns nove meses, ata a detención de ambas as dúas, a finais de 1941. A el torturárono diante dela, tan brutalmente que lle fracturaron a columna vertebral. Tanto foi así que, cando o fusilaron, tivérono que levar atado a unha cadeira, porque non se tiña de pé. Ela sufriu moito por este motivo, chegando a enfermarse gravemente no cárcere, pero aínda sufriu máis cando a dirección do Partido no exterior acusou inxustamente a Quiñones de traidor, infiltrado e delator, cando el resistira as torturas sen chegar a dicir nin o seu enderezo. Todo isto levouna a distanciarse radicalmente da dirección e a non querer saber nada dela cando saíu do cárcere, en 1950.

Jose botou un total de 10 anos nas prisións de Franco, principalmente en Ventas e en Segovia, onde participou na folga de fame de 1949.

Desde a súa posta en “liberdade” traballou como enfermeira, aínda que nunca se lle permitiu darse de alta da seguridade social, polo que nunca chegou a cobrar pensión de xubilación. Para vivir, dadas as precarias condicións de traballo, compatibilizou este con diversas traducións de artigos e libros, cousa que lle permitiu o feito de dominar o francés desde a súa infancia.

Heriberto Quiñones non foi rehabilitado polo PCE ata 1986. Afortunadamente, ela viviu para velo.

Josefina Amalia Villa faleceu en Madrid, na súa casa de Manoterías, o 30 de marzo de 2006, rodeada por algúns familiares e polas amizades que sempre a apoiaron e coidaron.

3. PALMIRA SANJUAN BARBERO "AMOR SANJUAN"

Naceu en Moral de Sayago, unha pequena poboación da provincia de Zamora, a uns 40 quilómetros da capital, a mediados de 1919, no seo da familia formada por Justo Sanjuán Pérez (o pai), Vicenta Barbero Pascual (a nai) e José Manuel Sanjuán Barbero (o irmán máis vello). En 1920, cando Palmira tiña uns 6 meses, a familia emigrou a Arxentina.

En Baía Branca (cidade situada a uns 650 quilómetros ao sur de Bos Aires) pasou a súa infancia. Naquela altura, comezou a frecuentar os círculos libertarios, acompañando ao seu pai, onde se interesou pola poesía e o teatro, chegando a representar algunha obra de teatro. Podemos destacar o seu papel nunha obra antimilitarista titulada "Nuestro Triunfo", na que facía o papel de "Amor" fronte ao antedito militarismo. Desde aquela altura, quedoulle o alcume de "Amor Sanjuán".

O 6 de setembro de 1930, un sector do exército, co xeneral José Félix Uriburu á cabeza, dá un golpe de estado, derrocando ao presidente lexítimo, Hipólito Yrigoyen, apoderándose do goberno e das institucións para instaurar unha ditadura, sendo a primeira vez que o exercito obtivo o poder desde a aprobación da Constitución de 1853, dando lugar á chamada "Década Infame". Unha das (moitas) dimensións da represión desencadeada a partires deste momento é a deportación de moita xente estranxeira, considerada "subversiva". Este é o caso da familia Sanjuán Barbero, neste caso acusada de colaborar cos grupos de axuda a persoas exiliadas de Italia e Alemaña, onde xa comezaban facer estragos os efectos do fascismo e do nazismo. Así, Palmira regresa ao estado español en 1934 con apenas 15 anos, establecéndose coa familia en Moral de Sagayo, a súa vila natal.

Coa vitoria da Fronte Popular, o 16 de febreiro de 1936, a corporación municipal é substituída por unha xestora da que é vicepresidente Ángel Barbero Pascual, irmán de Vicenta e tío de Palmira.

Cando se produce o golpe de estado, a vila cae nos primeiros días. Os fascistas van a polo pai, o irmán e o tío, e ao non atopalos, deteñen a Palmira (con 17 anos) e a súa nai, coa finalidade de forzar que eles se entreguen. Ambas as dúas permanecen encarceradas ata que se entregan os buscados. Finalmente, José Manuel, o irmán, é asasinado o 14 de setembro e Justo, o pai, o 19 de decembro. Palmira e Vicenta son postas en liberdade.

En 1942 vólvena deter, acusada de propaganda ilegal, que consistía en escoitar a BBC e transcribir a información desta emisora para divulgala. Condénana a 15 anos de cárcere que cumpre maiormente na prisión central de mulleres de Segovia. Alí é destinada a labores de oficina e tramitación da correspondencia, co que se dedica a meter e tirar da prisión notas, cartas, libros e paquetes, asemade de falsificar partes de

expedientes xudiciais e penitenciarios, que permiten saír en liberdade antes de tempo algunhas presas políticas. Asemade, participa activamente na folga de fame de xaneiro de 1949.

Nos anos de cárcere Palmira coñece a Juan Misis, que será o seu compañeiro de vida. Juan é fotógrafo de profesión, libertario de ideoloxía e preso político que se ocupa de tarefas de mantemento no cárcere. Cando ela sae en “liberdade” (el saíra algo antes), en 1951, a parella instálase en Zamora, onde quedarán o resto das súas vidas.

Nos seus derradeiros anos, Palmira colaborou con diversas investigadoras e activistas da Recuperación da Memoria Histórica, nomeadamente con Ricard Vinyes Ribas e con Ramón Sender Barayón.

O seu neto, Luís Misis Herrero grabouna ao longo de 2 anos (entre 2000 e 2002), completando os seus relatos cos que obtivo en Baía Branca (Arxentina) de quen foran compañeiras de Palmira na escola primaria. Con este material construíu un documental no que conta as penurias das migracións, os desastres dos golpes de estado e a represión das ditaduras e a importancia da recuperación da memoria histórica. O dito documental, titulado “Amor Sanjuán” foi proxectado en multitude de lugares e premiado en Filofest de Ljubliana e no Festival Alcances de Cádiz.

Palmira Sanjuán Barbero faleceu en 2002, cos seus ideais libertarios intactos.

4. SOLEDAD REAL LOPEZ “SOLE”

*Loitar pola xustiza fainos mellores, loitar pola
igualdade de xénero fainos máis dignas; loitar
polo comunismo, fainos máis libres.*

Naceu en Barcelona, concretamente na Barceloneta, en 1917. Era a segunda filla dunha prole de tres; un irmá máis vello e unha irmá máis nova. O pai, Valeriano Real, de orixe labrega, emigrado desde Albacete, era obreiro metalúrxico e traballaba en “La Maquinista Terrestre y Marítima”. A nai, Soledad López, que procedía dunha familia máis acomodada, pero precisamente esta condición fíxoa fundamentalmente infeliz, ao “ter” que casar con un obreiro, despois de que o seu mozo a deixara. Dada a precariedade da economía familiar, tívose que pór a traballar como bordadora e Sole, desde ben pequeniña, fíxose cargo das tarefas da casa. A familia enteira vivía nun piso minúsculo da Barceloneta.

Cando tiña 7 anos, os traballadores de “La Maquinista” declaráronse en folga. O pai de Sole, que estaba afiliado á UGT participou e, por este motivo, ela foi expulsada da escola á que asistía. Tívose que pór a traballar para achegar algúns cartos á precaria economía familiar. Esta circunstancia tivo un efecto engadido, ao espertar en Sole o sentido de clase. Primeiro traballou para unha modista do barrio, despois entrou nun obradoiro de confección de mantóns e chales, e posteriormente pasou por diversas fábricas, todas elas relacionadas co téxtil.

Xa con 14 anos entra a traballar nunha tenda de roupa infantil. Nesta altura proclámase a IIª República.

En 1933 comeza a traballar nun taller de alta costura e nesa mesma altura coñece a Rafael García, un militante comunista que ía ser o seu primeiro compañeiro de vida. Ingresna nas Xuventudes Comunistas do PSUC e tamén no Clube Avanti, o que lle proporciona acceso a textos políticos e sindicais, e tamén ao debate sobre todos estes temas. En 1934 contribúe ás tarefas de acollemento das persoas refuxiadas de Asturias, tras a revolución de outubro, organizada case exclusivamente polas mozas do Clube, que localizaban vivendas que puideran acoller xente, darlles de comer, etc., e que lles axudaban a atopar traballo e acomodo o máis axiña posíbel.

Tras o golpe de estado fascista, e xa incorporada á JSUC (Juventud Socialista Unificada de Cataluña), participa moi activamente nas tarefas de preparación e desenvolvemento da resistencia, para a defensa da República e, durante os tres anos de guerra, desenvolveu diversas tarefas na retagarda, como as de construír barricadas, atender ás persoas feridas, cociñar, ou conseguir alimentos e roupa para as e os milicianos. En agosto de 1936 casa con Rafael, situación forzada ao ter que marchar el para a fronte de guerra.

Formouse na escola de cadros “Lina Ódena” e participou no proceso de creación da Alianza Nacional da Muller Xove, establecendo unha colaboración continua con Teresa Pàmies, entre outras. Pouco despois foi elixida para formar parte do comité nacional das JSUC.

En abril de 1937 contribúe á creación da Alianza Nacional de la Dona Jove (ANDJ), formada por mozas de diferentes organizacións políticas, que tiña como finalidade, por unha banda a unión de todas as mulleres antifascistas para gañar a guerra e, pola outra a emancipación das mulleres. Nesa altura Sole comeza a escribir en diversos medios da esquerda, dedicando boa parte dos seus artigos á crítica do papel atribuído ás mulleres, que foran relegadas á retagarda.

As relacións co seu compañeiro íanse deteriorando cada vez máis, o maltrato aumentaba e as ansias de control sobre ela eran terribéis. Cando viña de permiso, a situación tiña un custo emocional moi importante para Sole. En setembro de 1938, Rafael suicídase na fronte de Aragón e Sole sofre unha depresión que a obriga a afastar temporalmente de Barcelona e facer repouso nunha vila da provincia.

Cando cae Barcelona, o 26 de xaneiro de 1939, Sole é unha das activistas que axuda á evacuación das republicanas que saen cara Francia. Elas preparan roupa e alimentos para a xente que marcha e son as últimas en saír. Logra chegar a Bretaña e é ingresada nos campos de concentración de Le Pouligen e, posteriormente, o de Moisdon de la Rivière, onde a confinan na capela do campo, xunto a outras 11 mulleres xoves, todas dirixentes comunistas, que se coñecían alí como as “mozas da capela”. O obxectivo era evitar que axitaran e organizaran ás outras, pero a iniciativa non tivo éxito: desde alí organizan a loxística do campo, a escola e mesmo un servizo sanitario para atender urxencias. Despois dun tempo tentan devolvelas a España a través de mentiras, chantaxes e presións. Como non o conseguen, ofrécenlles o traslado a o campo de Sant-Cyprien, no sureste. Elas aceptan, pensando que alí van atopar o groso das persoas exiliadas e sentiranse máis seguras, pero todo fora un engano: o tren no que

as trasladan vai directamente cara Hendaia. Alí obríganos a cruzar a ponte internacional a empurróns, a golpes e mesmo arrastro. Era o 1 de novembro de 1939.

Despois dunha breve estadía en Valencia, onde traballa de modista, volve a Barcelona, onde comeza a colaborar na reorganización do PSUC na clandestinidade, así como na axuda a persoas fuxidas e presas. A súa vivenda da Barceloneta, que comparte coas compañeiras Isabel Imbert e Clara Pueyo, é un auténtico centro de operacións. Nesa altura coñece a Josep Fornells, militante comunista das JSUC, co que iniciará unha intensa (e efémera) relación de parella.

O 23 de agosto de 1941 a brigada político social detén a 12 mulleres en Barcelona e en Madrid, entre as que están Sole e as súas compañeiras de piso, Isabel e Clara. Bota 28 días na tristemente famosa comisaría de Vía Layetana, sendo sometida a todo tipo de torturas. Despois pasa ao cárcere de Les Corts e, tras un xuízo farsa, é condenada a 30 anos e, como ocorría con frecuencia naquela altura, vai de prisión en prisión: Les Corts, Torrero, Ventas, Málaga, Segovia (onde participa na folga de fame) e Alcalá de Henares. Entre os homes detidos na mesma operación está Josep Fornells, que morre na comisaría polas torturas recibidas, o que supón un outro novo golpe para Soledad.

Sae en liberdade condicional en xuño de 1957, tras cumprir 16 dos 30 anos da condena, pero coa prohibición de volver a Barcelona, polo que se instala en Madrid, para continuar alí coa súa tarefa militante. Asemade do traballo dentro do Partido, participou en asociacións de amas de casa, e no MDM. Tamén nas “Mujeres del Lucero”.

Coñece ao tamén militante comunista Francisco Rebato Sánchez, que vai ser o seu terceiro compañeiro de vida.

Como outras mulleres da época, desde os anos '70 vai incorporando a ideoloxía de xénero. A falta de tolerancia do partido con estas posicións vaina afastando ata que o abandona, nos anos '90, para afiliarse ao Partido Feminista, en cuxas listas se presentou ás eleccións ao Parlamento Europeo en 1999. Desde esta posición Sole foi quen de analizar retrospectivamente a misoxinia e o machismo da esquerda. Desde a condescendencia coa que se trataba as mulleres no Clube Avanti nos anos '30, pasando polas relacións de parella de militantes da esquerda que maltrataban as súas compañeiras (tal foi o seu caso, con Rafael García), o papel que lle atribuíron ás mulleres durante a guerra, ou o agravio comparativo da atención do partido ás presas políticas, con respecto ao que recibían os presos.

Soledad Real foi biografiada por Consuelo García (*Las cárceles de Soledad Real*, Alfaguara, 1982). Tamén por Fernando Hernández Holgado (*Soledad Real. 1917*. Orto, 2001) e por Varias Autoras (*Las ventanas de Soledad Real*, Fundació Pere Ardiaca, 2009). Asemade, a súa historia de vida inspirou algunhas obras de narrativa das que quizais a máis importante foi a de Dulce Chacón (*La voz dormida*. Alfaguara, 2002).

Nos seus últimos anos, recibiu diversos recoñecementos pola súa traxectoria antifascista e feminista, entre eles o “Rosa Manzano” e o “Ana Torán”.

Sole faleceu en Barcelona o 6 de febreiro de 2007, sabéndose e sentíndose feminista e comunista, rodeada da súa xente, que a coidou sempre.

5. VICENTA CAMACHO ABAD

Naceu o 1 de abril de 1921, en Osma la Rasa (Soria). Cando tiña 6 anos falece súa nai. Seu pai era gardaagullas na estación do camiño de ferro de Osma, socialista e militante da UGT, polo que ela e as súas irmás e irmán (son unha prole de catro) son educadas nos ideais democráticas e socialistas. Isto explica que o día da proclamación da IIª República se desprazara toda a familia a Burgo de Osma (capital da bisbarra) e Vicenta, con só 10 anos, encabeza a manifestación levando unha bandeira tricolor.

Cando Osma cae, o pai, o irmán e un primo agóchanse no monte durante dous meses e Vicenta lévalles comida e roupa, así coma as novas da chaira. Os primeiros tempos desde o golpe de estado, a familia recibe presións fortísimas (rexistros, cacheos e ameazas diarias). Por outra parte, a situación empeora cando os falanxistas descubren onde se agochan os fuxidos, pero afortunadamente un primo seu logra avisalos e marchan de alí antes de que cheguen os fascistas.

En abril de 1939 deteñen a seu pai, que bota case un ano preso. Asemade despídeno da Renfe, co que a familia queda en situación precaria. Ao pouco de saír o pai deteñen ao irmán, e mándano a Madrid, ao cárcere de Comendadoras. Vicenta e a irmá deciden trasladarse a Madrid, para poderen traballar (de modistas) e gañar algúns cartos para a familia. Alí acólleas unha prima, pero a irmá falece axiña, polo que Vicenta asume a responsabilidade de soste a familia, que inclúe a prima que as aloxaba e que estaba viúva, as dúas fillas desta e o seu irmán Marcelino, que estaba no cárcere. Nesa altura entra en contacto co PCE e comeza a visitar o cárcere de Comendadores, na que introduce propaganda e documentos do Partido, asemade de apoiar os presos políticos no que pode.

Detéñena o 15 de xullo de 1943 e bota 66 días en Gobernación, sometida a torturas e interrogatorios durísimos. Finalmente, no xuízo, ela asume as imputacións doutro compañeiro do sumario para evitarlle a pena de morte e sáelle unha condena de 30 anos a cada unha.

Os primeiros anos de condena cúmpreos no cárcere de Ventas, onde forma parte da organización do PCE. A mediados de 1948 trasládana á Prisión Central de Mulleres de Segovia. Alí participa na folga de fame de 1949. Queda tan feble que bota 5 meses na enfermaría do cárcere. Tras este episodio e ata 1952, ano no que sae “en liberdade” (condicional ata 1954) participa activamente con outras presas na construción do centro de formación política e cultural clandestina que foi a Prisión de Segovia.

Ao saír do cárcere ten serias dificultades para atopar traballo. Tenta entrar na Philips, pero non o consegue debido aos seus antecedentes penais, polo que retoma a súa profesión de modista e cose a domicilio, cousa frecuente naquela altura. Asemade, retoma o contacto co PCE e segue coa súa militancia política.

En 1962 entra no Clube de Amigos da UNESCO, para participar de xeito activo nas campañas polos dereitos humanos, tanto no estado coma no estranxeiro. Nese mesmo ano incorpórase tamén aos grupos de traballadoras e traballadores que serán o xermolo das Comisións Obreiras.

En 1964 participa na creación do Movemento Democrático de Mulleres (MDM), que se xestara nas mesmas portas dos cárceres. Alí, as mulleres (compañeiras, fillas, nais, irmás) dos presos políticos, comezaron a tecer redes de apoio mutuo. Apoiábanse e acompañábanse entre elas, compartían as súas moradas coas que viñan doutras cidades... e así, comezaron tamén o debate sobre temas políticos e sociais. Pouco a pouco, e baixo o paraugas do PCE, crearon a organización estábel. Así, do mesmo xeito que as CC.OO. se foron infiltrando no sindicato vertical, o MDM foi entrando nas organizacións dos movementos sociais da altura, nomeadamente as Asociacións de “Veciños” e as de Amas de Casa “Rojas”. Así, lograron organizar, estabilizar e coordinar o tecido asociativo.

Co paso dos anos, o MDM foi derivando cara o feminismo, chegando a ser unha das organizacións do movemento. Vicenta foi unha das súas activistas máis constantes. Impulsora do combate pola recuperación dos dereitos das mulleres (matrimonio civil, divorcio, liberdade sexual e reprodutiva, aborto...), acadados durante a IIª República e perdidos na ditadura.

Sempre tivo moi boa relación con Josefina Samper Rojas, compañeira de vida do seu irmán Marcelino Camacho Abad. Máis que cuñadas foron sempre moi amigas e, nomeadamente, camaradas. Ambas as dúas xogaron un papel fundamental nos grupos de solidariedade cos presos e presas. En 1970 son detidas por participar nas accións contra o Proceso de Burgos. Tamén son as principais promotoras da campaña de solidariedade internacional cos imputados no que se dou en chamar “O Proceso 1001”, un sumario contra a cúpula das CC.OO., un de cuxos membros era o propio Marcelino. Ambas as dúas, entre outras, viaxaron por Europa reclamando a solidariedade das traballadoras e traballadores contra o xuízo en particular e contra a ditadura en xeral. Nunha das Viaxes a Roma, logran que os estibadores se solidaricen, negándose a descargar os barcos españois. Ao regreso, ábreulle a Vicenta un expediente gubernativo, que pechan cunha sanción de 100.000 pesetas, da que non a amnistían ata 1980.

En 1977, Vicenta entra a traballar no Hospital Ramón y Cajal, onde participa da organización das CC.OO. Por coherencia e para evitar rexoubas e suspicacias, ao ser ela irmá dun dirixente do sindicato, nunca quixo estar en postos de dirección sindical.

En 1987 xubilouse do traballo asalariado, pero non do sindical, colocándose desde aquela nun papel moi activo na Federación de Pensionistas e Jubilad@s das CC.OO.

Asemade, desenvolveu unha gran actividade no proceso de Recuperación d Memoria das Mulleres, participando en numerosos foros (faladoiros, palestras e actos de honra). Entre outros moitos, en 2009 no Acto de Honra ás Presas do Franquismo en Segovia, ao se cumprir 60 anos da dignísima folga de fame que protagonizaron (e do que ela foi parte activa), organizado por la Asociación de Expres@s e Represaliad@s Polític@s Antifranquistas e polo Concello de Segovia.

Vicenta faleceu o 19 de xullo de 2014, aos 93 anos e coas súas ideas intactas.

6. PILAR CLAUDIN PONTES

Creo que a loita por cambiar o mundo ten que ir de abaixo cara arriba, son as masas quen teñen que provocar o cambio; por iso mentres non concienciemos ben á sociedade non o imos lograr.

Naceu en Viñegra (Ávila), en 1924, no seo dunha familia acomodada, de ideas demócratas, que o pai lles inculcou desde a infancia.

Sendo aínda unha nena, a familia trasládase a Madrid, onde vive os anos da República e tamén o golpe de estado fascista, que aconteceu cando ela tiña 13 anos. Ao pouco tempo, marcha a Valencia cunha expedición de pioneiras, onde bota varios meses, para trasladarse despois a Barcelona. Alí, con 15 anos, incorpórase á Xuventude Socialista Unificada de Cataluña (JSUC) e á Unión de Muchachas. En ambas as dúas organizacións desenvolveu un intenso labor en hospitais de sangue e mesmo se desprazou varias veces á fronte de guerra, representar obras de teatro para as milicianas. Avanzada a guerra, a nai e algúns dos irmáns de Pilar marchan a Francia, pero ela decide quedar e o pai queda acompañándoa.

Ao caer Cataluña, marcha co seu pai cara Francia. Pilar é unha das moitas que relata o horror vivido na columna de persoas que partían cara o exilio acosadas polos fascistas, que metrallaban a xente desde o aire. Unha vez pasada a fronteira son ingresadas nun campo de concentración do sur pero, ao pouco tempo, o pai é detido alí dentro, debido a unha denuncia que o acusa de “facer política coa xente”. A familia estaba dispersa; a nai e algúns irmáns nun campo de concentración, tres irmáns (os máis vellos) presos nos cárceres franquistas e o pai nun cárcere francés, e ela soa no campo de Moisdon la Rivière. Pilar foi unha das “mozas da capela”, 12 mulleres xoves, dirixentes comunistas, son confinadas na capela do campo para evitar que axiten e organicen ás outras, pero o isolamento non ten éxito: desde alí organizan a loxística do campo, a escola e mesmo un servizo sanitario para atender urxencias. Despois dun tempo tentan devolvelas a España a través de mentiras, chantaxes e presións. Como non o conseguen, ofrécenlles o traslado a o campo de Sant-Cyprien, no sureste. Elas aceptan, pensando que alí van atopar o groso das persoas exiliadas e sentiranse máis seguras, pero todo fora un engano: o tren no que as trasladan vai directamente cara Hendaia. Alí obríganas a cruzar a ponte internacional a empurróns, a golpes e mesmo arrastro. Era o 1 de novembro de 1939. Sen documentación e acosada pola garda civil, Pilar lembra a un tío que vivía en Huesca, médico militar do exército franquista. Malia as diferenzas ideolóxicas, acóllea na súa casa e cúralle as feridas que levaba.

Mentres, a súa familia logra saír de Francia cara a México, onde son acollidas como refuxiadas políticas, pero Pilar volve tomar a decisión de quedar no interior e reincorporarse á resistencia na clandestinidade. Instálase en Madrid e desenvolve unha actividade fundamental: a distribución de “Mundo Obrero”. Conforme ela mesma relata, ao ser tan noviña, non tiña problema ningún en ir ás igrexas, vestida de uniforme de colexio de monxas, e contactar alí coas enlaces, que logo se ocupaban de espallar os exemplares.

En 1946 cae en Madrid o aparato político-militar do PCE debido a unha delación. A policía franquista preséntase na súa casa e atopan unha pequena imprenta, un tipógrafo e unha chea de exemplares de “Mundo Obrero” estrados polo chan, a secar. Detéñena xunto co resto da xente que estaba alí e bota un mes na Dirección Xeral de Seguridade. Torturada a malleiras diarias para que cantara as enlaces ás que lle tiña que dar o xornal, conta ela anos máis tarde que o que máis medo lle daba eran as ameazas de violación, que se producían todos os días nos interrogatorios. Para protexerse do medo, dá en pensar: *igual me violan e quedo embarazada, pero ese fillo será fillo da loita, polo que será o meu maior orgullo. Sería un fillo froito dunha violación, pero tamén da miña valentía de non querer falar.*

Foi condenada a 20 anos de cárcere, nun consello de guerra, celebrado en Ocaña en 1947, do que tamén se ditaron cinco penas de morte (dúas executadas poucos días despois e tres conmutadas por 30 anos) e penas de entre 20 e 30 anos para 16 persoas máis, imputadas no mesmo sumario. Pilar cumpre 9 anos de condena, primeiro no cárcere de Ventas, despois en Segovia, onde participa na folga de fame. De feito é a primeira en falar diante da avogada Klinfel, denunciando as condicións ás que as tiñan sometidas. Por último trasládana a Alcalá de Henares.

Sae en liberdade condicional en 1955 e, pouco despois, retoma o contacto con Antonio Pérez García (Mario Zapata), tamén militante comunista, que viña de botar 14 anos preso no penal de Burgos, ao que coñecía desde a infancia. Pilar e Antonio casan e, pouco despois, deciden marchar ao exilio, dado que o acoso policial era permanente. Viven un tempo en Romanía e despois en Polonia, Checoslovaquia e a URSS. Nestes anos teñen dous fillos.

Pilar conta que, na súa estadía nos países do leste, ela e Antonio desencántanse do modelo político instaurado, que consideran clasista e represivo, así que deciden trasladarse a Cuba. Alí colaboran coa revolución e establecen contacto e amizade co Che Guevara, Fidel Castro e Camilo Cienfuegos. Finalmente, en 1962, viaxan a México onde atopan a familia dela, instalándose definitivamente neste país.

Pilar e Antonio seguen co seu compromiso militante. El escribindo en diversos medios de comunicación, baixo o alcume de Mario Zapata. Ela apoiando a loita polos dereitos indíxenas, nomeadamente os das mulleres e participando nas mobilizacións do EZLN. Por outra banda, Pilar constrúe unha especie de cartografía simbólica do que significa ser presa política e o valor subxectivo que se lle dá no cárcere ás vistas, aos rúidos, por leves que sexan, e os mecanismos de protección que se desenvolven para paliar unha miga a situación de encerro.

No ano 1980 falece Antonio, despois dunha longa e penosa enfermidade. Pilar queda esnaquizada pola dor, pero isto non lle impide retomar a loita ao pouco tempo e continúa nela ata os seus derradeiros días, malia que ela mesma chegou a dicir que a perda de Antonio fora o máis duro polo que tivera que pasar.

A xornalista e escritora Mariángeles Comesaña Concheiro, filla de exiliadas galegas, escribiu unha biografía de Pilar Claudín, aínda inédita. Dela di: Foi sempre unha revolucionaria, a punta de lanza da vangarda feminina. Soubo entender o significado do cambio e foi unha ponte de ouro entra a xeración das nosas nais e a nosa. Pilar sempre entendeu mesmo a revolución sexual. Apoiou que as fillas das mulleres da súa

xeración saíramos, conversáramos e escribíramos, e iso alixeiraba o xeito de pensar das nosas nais. Sempre dicía que as xoves tiñamos razón.

En 1992 foi honrada no Liceo de Barcelona, xunto con outras persoas represaliadas polo franquismo.

No ano 2000 diagnóstícanlle un cancro e comeza un longo e penoso proceso de cirurxía e quimioterapia, pero isto tamén non a afasta da loita. Conta Mariángeles Comesaña que, cando foi a marcha zapatista á cidade de México, Pilar saía dunha sesión de quimio e o seu estado físico era tan feble que tiña que andar en cadeira de rodas. Aínda así, pediulle a ela e a outra amiga que a acompañaran ao Zócalo. Cando pasaron as representantes do EZLN, non quixo velos sentada e, como puido, púxose en pé para vitorealas.

Pilar faleceu en México, D.F., o 21 de xullo de 2002, con moitas ganas de seguir loitando pola igualdade e a xustiza social. Os seus restos foron repatriados e soterrados en Viñegra.

7. ANGELITA RODRIGUEZ PRECIADO "LA AFILADORA". "LA DAMA ROJA"

Naceu en Almagro (Cidade Real), o 1 de agosto de 1916, filla de Severino Rodríguez e Felicia Preciado. O alcume de "La Afiladora" veulle de que o pai, de orixe galega, chegou a Almagro co seu carriño de afiador. A ideoloxía do pai, republicana, contrastaba co conservadorismo e a relixiosidade da nai, que mesmo tiña dous irmáns cregos.

A situación da familia, relativamente acomodada (xa tiñan negocio propio cando ela naceu), e as ideas do pai, permitíronlle estudar, tanto a ela coma aos seus irmáns. Primeiro asistiu á Escola Pública de Almagro, despois, cando contaba 9 anos, a familia trasladouse a Cidade Real e comezou asistir ao Instituto, para cursar o Bacharelato.

En 1933, comezando estudos universitarios de Dereito, coñece á que será a súa íntima amiga, Milagros Atienza Ballesteros¹. A través dela afiliouse ás Xuventudes Socialistas en 1934, o mesmo có seu irmán Severino (aínda que este, ao longo da guerra, rematou afiliándose ao PCE). Pouco despois foi detida por primeira vez, cando a sorprendieron facendo pintadas contra as sentenzas de morte ditadas contra algúns militantes de Abenójar, participantes na Revolución que se iniciara en Asturias. Tamén se afiliou á FUE (Federación Universitaria Española).

¹ Milagros Atienza Ballesteros foi que foi a primeira muller que se afiliou ao PSOE e á UGT en Cidade Real. Durante a República traballou como secretaria do Presidente da Deputación de Cidade Real. Detida no porto de Alacante o 29 de marzo de 1939, cando os barcos que ían evacuar as 25.000 persoas alí concentradas nunca chegaron, foi executada o 17 de novembro de 1939 tras o xuízo farsa no que tamén estaba imputada Angelita.

O golpe de estado sorpréndea na lagoa de Ruidera, de acampada cun grupo das Xuventudes Socialistas, a onde a vai buscar o seu irmán Severino ante a ameaza fascista e a necesidade de articular a defensa da democracia.

Ao principio da guerra participa no recrutamento de milicianos e, en 1937, ela mesma se alista no Batallón “José Serrano Romero”, onde bota varios meses ata que, como tantas mulleres da altura, é destinada á retagarda. Alí organiza e traballa en obradoiros de costura que fan roupa para os que están na fronte de guerra, asemade de contribuír á organización das Xuventudes e do Partido. En decembro dese ano entra a formar parte da Executiva provincial da Federación de Cidade Real, na Secretaría Feminina. É precisamente no congreso no que sae elixida onde coñece a Pedro Fernández Sánchez Carrasco, que resulta elixido secretario de organización e que, algo máis adiante, será a súa (efémera) parella².

A finais de marzo de 1939 marcha para Alacante xunto con outras mulleres e homes do partido (entre elas Milagros Atienza), fuxindo das tropas que tomaran Cidade Real, coa intención de seren evacuadas en barco. Chegan o 28 de marzo e tentan embarcar no “Stanbrook”, pero o barco saíra unhas horas antes da súa chegada. O día 30 entran na cidade as tropas fascistas e a división Litorio (formada por fascistas italianos). A xente concentrada no porto é detida e levada ao Campo dos Almendros. Despois, as mulleres e as crianzas son pechadas nos cines (Angelita no Ideal) e, ao día seguinte, ao cuartel da Montañeta, para ser interrogada e torturada. Alí permanece, con centos de mulleres e crianzas, ata o 25 de xullo, data na que a Garda Civil as traslada a Cidade Real, parece que tras ser identificada e denunciada por un falanxista dos que se desprazaran a Alacante desde distintos lugares do estado, precisamente para realizar este labor.

No albor do día 5 de agosto, Severino Rodríguez, irmán de Angelita, é fusilado nas tapias do cemiterio do leste, en Madrid, xunto con outros 50 homes (incluído un adolescente de 14 anos) e “As 13 Rosas”. A nai e o pai saben do asasinato o mesmo día que lles comunican a condena a morte de Angelita, o 29 de agosto. Aos poucos días, o pai falece dun infarto. A nai non consegue que deixen saír a filla para o enterro e ela sabe das dúas mortes á vez, asemade da sentenza (tamén a morte) de Pedro, o seu mozo.

Angelita bota daquela 5 meses na galería de penadas, agardando noite tras noite ser fusilada e vendo como levaban ao paredón a outras compañeiras condenadas. Alí estivo coa súa amiga Milagros Atienza (finalmente fusilada) e outras condenadas (Elena Tortajada Marín -co seu fillo lactante-, e as irmás Rufina e Beatriz Úbeda, entre outras) Mentres, súa nai move todos os fíos posíbeis para que lle conmuten a pena, cousa que consegue en xaneiro de 1940, a través dos seus irmáns curas e dun primo que colaborara co golpe.

Porén quen a denunciaran non quedaron satisfeitos e conseguiron que se abriera outra causa contra ela, polos mesmos feitos (pertencer ao Comité de Defensa e participar en fusilamentos). Cando entra na sala, escoita dicir ao xuíz: “Da anterior librou, por

² Pedro e Angelita están encarcerados desde o final da guerra. Víronse por última vez no porto de Alacante, o 31 de marzo de 1939. Estando ela na prisión de Les Corts e el na de Valdepeñas, condénano a morte. A sentenza é executada o 6 de febreiro de 1943.

influenzas, pero desta non libra. A esta quítoa do medio en 48 horas”. Ela logra que súa nai visite ao presidente da Deputación, Manuel Aranda del Forcallo, coa seguinte mensaxe: “Douche de prazo ata que entre en capela. Se para entón non declaraches que eu non pertencín ao Comité de Defensa –como moi ben sabes-, deixo asinada a túa condena”³. Abondou para que non se executara a sentenza e quedara coa condena a 30 anos, imposta anteriormente.

En 1941 ingresa no penal de Tarragona, onde bota uns meses nunhas condicións terríbeis. Logo, o propio réxime pecha este penal e trasládana a Les Corts onde, malia pasar fame e frío, as condicións melloran un pouco. Asemade, as presas políticas están organizadas en comunas. Ela incorpórase á actividade e asume, entre outras cousas, o labor de alfabetizar as presas que non len nin escriben, e formar as demais.

O 22 de maio de 1942 sabe que a Pedro Fernández (o seu mozo, co que mantiña correspondencia) lle conmutaran a pena de morte, pero pasa o mesmo que con ela. Inician outra causa contra el, polos mesmos cargos e finalmente non valen de nada as xestións para a conmutación. Pedro é asasinado en Cidade Real o 3 de febreiro de 1943.

En 1944 trasládana ao cárcere de Ventas, onde colabora na fuga dunha presa condenada a morte. En 1945 novo traslado, esta vez a Segovia. En 1946 outra vez a Ventas e, finalmente, ao pouco tempo, volta a Segovia. Alí traballa na enfermaría e comeza a estudar a profesión, pola súa conta.

En 1949 participa activamente na mobilización das presas e na folga de fame, o que lle custa, igual cás demais, un ano de illamento.

Sae do cárcere en 1953, con orde de desterro, e bota en liberdade condicional, con obriga de presentarse no xulgado cada mes, ata 1969, no que se cumpriron os 30 anos de condena.

Instálase en Madrid, onde consegue entrar a traballar como enfermeira na clínica de López Ibor, á vez que remata os seus estudos na Facultade de Medicina. Pouco despois e por petición de López Ibor, trasládase a Santander para coidar dun enfermo, que cada mes a acompaña a Madrid en coche, para que se poida presentar no xulgado.

Falecido o ancián en 1974 establécese en Alacante e leva con ela a súa nai. Continúa coa súa actividade política no PSOE, primeiro na clandestinidade e despois na legalidade. Foi membro da executiva do PSVP.

As súas durísimas condicións de vida, físicas e emocionais, sufridas durante a ditadura, que incluíron unha tuberculose pulmonar “curada” no cárcere, pasáronlle factura. Faleceu no Hospital Xeral de Alacante, no albor do día 9 de xaneiro de 1999, aos 83 anos.

O 3 de xullo de 2018, o Concello de Alacante aprobou o cambio de nomes dunha serie de Rúas e Prazas da cidade, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica. Unha destas rúas, chamada ata entón “Juan Ballesta”, pasou a chamarse “Angelita Rodríguez Preciado”.

³ Este individuo, durante a guerra, delatará aos xefes do movemento e entregará ao Comité de Defensa os arquivos da Falanxe. Por este motivo puidera comprobar que Angelita non tiña vínculo ningún con eles.

S. MARIA SALVO IBORRA. "CIONIN", "ALBA".

En xeral, o mundo penitenciario do franquismo tratouse dun xeito superficial, buscando o impacto. Ninguén che pregunta pola túa vida despois do cárcere e é, sen dúbida, un dos períodos máis duros. Non é que te afagas ao cárcere, unha nunca se pode afacer a iso, pero alí dentro non te sentías soa, e fóra si.

Naceu en Sabadell, o 27 de maio de 1920, no seo dunha familia obreira. O pai, Pantaleón Salvo era carpinteiro e a nai, Asunción Iborra, corría coa portería dun edificio e facía a limpeza por horas nalgunhas casas. Tiña tamén un irmán, máis vello ca ela (Ferrán), que foi sempre o seu referente. Pasou a súa infancia en Sabadell e aos 7 anos trasladouse coa súa familia (nai, pai e irmán) a Barcelona. Despois de vivir en dous lugares diferentes, instaláronse nunha portería da Rúa Balmes, onde súa nai traballaba. Alí viviu a proclamación da IIª República e a súa mellor lembranza (segundo ela mesma conta) foi ver como as mestras e os mestres retiraban o tabique que separaba o espazo das nenas do dos nenos, ao mesmo tempo que descolgaban da parede o retrato de Alfonso XIII.

Con 12 anos comezou a súa conciencia social, ao vivir en carne propia a inxustiza, en forma da usurpación do primeiro premio dun concurso de "yo-yo", que se lle outorgou a unha nena de clase acomodada, mentres ela recibiu un acetit, que rexeitou.

Como ocorría tantas veces naquela altura, as crianzas traballaban desde ben cedo para achegar unha (precaria) axuda económica á mantenza da familia, e este foi o caso, María comezou como pasadora de ferro aos 13 anos, pero non se conformaba con isto, polo que se inscribiu nunha academia nocturna á que acudía despois de traballar. Tamén comezou a frecuentar o Ateneo, acompañando ao seu irmán. Todo isto tróuxolle fortes conflitos co seu pai que, malia ser politicamente radical, non asumía a autonomía das mulleres.

O golpe fascista sorprendeuna con 16 anos e ela non agardou máis. Incorporouse a un obradoiro de costura que facía roupa para as milicias populares e ingresou na UGT e nas Xuventudes Socialistas Unificadas de Cataluña (JSUC).

Despois da caída "do norte" (Santander, Bilbao), a familia acolle na súa casa tres refuxiadas, militantes da JSU e María coñece outras moitas, en virtude do seu traballo político. Unha destas persoas é Antonio Ruiz Hidalgo, santanderino e dirixente da JSU, co que inicia unha relación de parella, interrompida varias veces pola guerra e as obrigas políticas de ambas as dúas.

En 1938 asume a Secretaría de Propaganda das JSUC de Barcelona; é nesa altura onde comezan a chamalle polo alcume "Cionín". Ata a caída de Cataluña desenvolve unha gran actividade no obradoiro, na secretaría de propaganda e no debate político.

O 31 de xaneiro de 1939 cae Barcelona en mans dos fascistas e María, xunto con outra moita xente, sae cara o exilio. Ao seu paso por Girona ve a Antonio por última vez. Pasan uns días xuntas e logo cada unha vai para o seu lado. Chegada a Francia é recluída nos tristemente famosos campos de refuxiados. A ela lévana primeiro a Le

Poulinguen, logo á illa de Saint-Brevin e despois ao campo de isolamento de Moisdon - la Rivière. Neste último, a directora decide confinar na capela 12 mulleres, para evitar que axitaran as demais, pero non o conseguen: desde alí organizan a loxística do campo, a escola e mesmo un servizo sanitario para atender urxencias. Danlles en chamar “as mozas da capela”. Unha delas foi María Salvo. Despois dun tempo tentan devolvelas a España a través de mentiras, chantaxes e presións. Como non o conseguen, ofrécenlles o traslado a o campo de Sant-Cyprien, no sureste. Elas aceptan, pensando que alí van atopar o groso das persoas exiliadas e sentiranse máis seguras, pero todo fora un engano: o tren no que as trasladan vai directamente cara Hendaia. Alí obríganlas a cruzar a ponte internacional a empurróns, a golpes e mesmo arrastro. Era o 1 de novembro de 1939.

Despois de ser identificadas pola garda civil e anotados os seus destinos, póñenas en liberdade, coa obriga de presentarse cada semana no cuartel do lugar ao que van. María e Consuelo Alonso (unha amiga tamén repatriada, tamén “moza da capela”) marchan a Bilbao, localizar a seu irmán Ferran, capturado na fronte do Ebro e incorporado como mecánico a un taller do exército franquista. El alóxaas nunca casa de confianza e, pouco despois, úneselles súa nai, gravemente enferma. Precisa dunha intervención cirúrxica que só se pode facer con certa seguridade en Barcelona, polo que viaxan a esta cidade, na que están en situación de semiclandestinidad. Pero a nai non entende o que pasa, nin por que a poden deter en calquera momento e, durante a súa convalecencia, suicídase bebendo ácido clorhídrico. Este suicidio pesou coma unha lousa no ánimo de María, durante moitos anos. Asemade, o feito de ter que soterrar a súa nai implicou un perigo real para ela. Saíu de Barcelona rumbo a Isso (Hellín, Albacete), un lugar seguro, onde a acolleu Ángel Vizcaya, un amigo de Ferran, xusto a tempo, concretamente o véspera de que a policía política se presentara na súa casa para detela.

En Isso incorpórase ao “Socorro Rojo” (SRI), que montara Ángel, camuflado tras a “Sociedade Recreativa Infantil” e participa na súa actividade. Alí bota uns meses, pero logo marcha a Madrid, desenvolver tarefas de reorganización do partido.

En agosto de 1941 ten lugar unha caída masiva de xente do partido en Barcelona e, na documentación incautada, identifican a María Salvo como elemento importante da rede, así que preparan un dispositivo para detela. Fano a través dunha toupa (un tal Pedro García) que se facía pasar por membro do PCE.

En Gobernación bota 30 días, de interrogatorios e as torturas son terribes, ata o punto de que queda con secuelas graves nos riles e no útero, tendo que ser hospitalizada e quedando sen posibilidade de embarazo.

Pero ocorre algo máis terríbel aínda, se colle: o último día de detención, soben a María para un careo; mentres agarda que traian a persoa coa que a van carear, achégaselle un policía (dos que facían de “bos” nos interrogatorios) e fala con ela. Nese momento pasan por diante da porta (aberta) con unha detida (Antonia Benito) que, ao ver a escena, conclúe que María está a colaborar coa policía. Espalla a “nova” e isto cústalle, xa no cárcere, o baleiro das presas políticas comunistas durante máis de dous anos, ata que determinadas dirixentes comunistas, entre elas Soledad Real e Juana Doña, rematan con esta inxusta situación.

De gobernación lévana á prisión de Les Corts, onde está preto de dous anos. En 1943, tras botar unhas semanas en Zaragoza, lévana a Ventas, onde permanece ata o Consello de Guerra, que se celebra en Alcalá de Henares, en decembro de 1944. A condena é de 30 anos (por conspirar contra a seguridade do estado) dos que finalmente cumpre 16 nos cárceres de Ventas, Segovia e Alcalá de Henares. En Segovia participa activamente na folga de fame á que se lle dedica o presente texto.

Sae en liberdade condicional o 16 de abril 1957, con orde de desterro a Santander e a prohibición expresa de pisar sitio ningún da provincia de Barcelona. Alí, acollida por amizades que foran socialistas durante a República, pero que remataran acomodándose (en todos os sentidos da palabra), atopa as primeiras agresións: incredulidade ante os seus relatos da vida nos cárceres e, en consecuencia, o cuestionamento da veracidade dos mesmos. Isto prodúcelle unha intensa dor.

Seu irmán Ferran, que casara con Toña⁴ (Antonia García Alonso, ex presa política) e que residían en Barcelona, atopoulle un traballo de modista nos talleres de Pertegaz e, con tal motivo, conseguiu autorización para instalarse alí. Ao pouco tempo cae gravemente enferma e descóbrese a desfeita causada polas torturas, tendo que ser operada de urxencia, para realizarlle unha histerectomía (tiña o aparato xenital interno completamente esmagado).

No curso da súa convalecencia no hospital coñece a Domenech Serra Estruch, que acababa de cumprir 13 anos de cárcere, por ter participado na resistencia armada. Pouco despois convértese no seu compañeiro de vida. Desde aquela, ambas as dúas conviven en Barcelona.

En 1977 súmase á fundación da Asociación Catalana de Ex Presos Políticos. En 1997 participa na fundación da asociación Dones del 36. Ese mesmo ano, Dones del 36 recibe o Premio María Aurèlia Capmany, do Concello de Barcelona.

A parte disto, María recibiu numerosos recoñecementos polo seu traballo militante:

- En 2003 foi investida Doctora Honoris Causa pola Universidade Politécnica de Barcelona.
- En 2005 recibiu a Cruz de Sant Jordi, concedido pola Generalitat de Cataluña.
- No ano 2006, a Universitat Progressista d'Estiu de Catalunya concedeulle o Premio UPEC, en recoñecemento á súa traxectoria antifranquista.
- 14 de abril de 2016, o Observatorio Europeo de Memorias e a Fundación Solidaridad da Universidade de Barcelona, fixéronlle un acto de honra.

O historiador catalán Ricar Vinyes Ribas escribiu sobre ela a obra *El daño y la memoria. Las prisiones de María Salvo* (Barcelona: Plaza&Janès, 2004). Conforme di o propio autor, as entrevistas con Mería e a construción posterior do texto, fíxoo reflexionar moito sobre a situación das mulleres ao saíren do cárcere.

⁴ Antonia García Alonso. Detida en Madrid en 1939, cando era menor de idade, torturada en gobernación mesmo coa aplicación de corrente eléctrica, compañeira de cela dalgunha das 13 Rosas e alumna da Escola de Santa Mería, en Ventas, onde coincidiu con Nieves Torres Serrano, da que se fixo amiga. Coincidiu tamén con María en Segovia e participou na folga de fame.

9. MANOLITA DEL ARCO PALACIOS "LOLICHU", "DOLORES GARCIA"

Foi a MULLER, con maiúsculas, a que loitou e se sacrificou polo preso, o encarcerado, o perseguido, o que andou no monte coa guerrilla, o loitador nas mil e unha batallas que había que librar contra o fascismo para conseguir a liberdade.

Nace en Bilbao, o 20 de abril de 1920. A nai, Alicia del Arco Palacios, cociñeira e case analfabeta, quedou embarazada aos 18 anos e, como tantas outras naquela altura, o mozo deixouna abandonada. Alicia ve unha oportunidade de vida en México, a onde emigra cando Manolita ten uns meses. Deixa a nena nunha inclusa, pero ocúpase de mandar cartos todos o meses, para a súa mantenza. Cando volve, a nena ten case 5 anos, pero Alicia decátase de que, cos seus precarios ingresos, non lle pode dar unha educación á súa filla, así que a manda a Madrid, á casa dunha tía e un tío avós, para poder estudar. A tía esíxelle a cambio que non volva ter contacto coa súa filla e acolle a Manolita, que estuda na ILE (Institución Libre de Enseñanza).

Durante o bacharelato, xa proclamada a República, incorpórase á FUE (Federación Universitaria Española) e pouco despois tamén ao SRI (Socorro Rojo Internacional) e á AMA (Asociación de Mulleres Antifascistas). Ao se producir o golpe fascista comeza a traballar na oficina de Estado Maior do batallón de milicianos UHP (Unión de Hermanos Proletarios). En outubro de 1936 afíliase ao PCE e traballa no seu Comité Central durante toda a guerra.

O 6 de marzo de 1939, ao día seguinte do golpe de Casado, cando se dirixía ao seu traballo na sé do PCE, párana para pedirlle a documentación e, ao ver os seus carnés do Partido, do Socorro e do Sindicato, detéñena alí mesmo, ao igual que a tantas e tantos comunistas. Lévana para o convento dos Salesianos e de alí para o cárcere de Ventas, onde permanece ata o día 27. Cando sae en liberdade atopa Madrid en mans dos fascistas. Ante isto, decide non ir á súa casa.

Detéñena o 1 de abril e lévana á comisaría de Almagro, onde bota 15 días recibindo malleiras. Ao non lograr que confese cousa ningunha, póñena en liberdade, coa obriga de se presentar cada día perante a policía "a ver se recobra a memoria". Non se presenta. A través dunha tía súa consegue un billete de tren e marcha para Bilbao, onde está súa nai. O traxecto é durísimo e Manolita vese obrigada a entrar nos servizos a cada paso, xa que se presentaba a policía e os falanxistas pedindo o salvoconduto, que ela non tiña. Xa en Bilbao, entra en contacto con xente do Partido e comeza a colaborar na súa reorganización clandestina, baixo o nome de Dolores García, ou Lolichu.

En 1942 detéñena na Coruña (a ela e á familia que a acollía) e trasládana a Madrid, onde bota case tres meses en Gobernación, sendo sometida a toda clase de torturas e interrogatorios durísimos. Posteriormente ingresa no cárcere de Ventas, onde atopa moitas compañeiras das organizacións ás que pertenceu en Madrid.

O 5 de xuño de 1943 celébrase o xuízo (un de tantos xuízos farsa) e alí coñece a Ángel Martínez Martínez, imputado no mesmo sumario e que vai ser o seu compañeiro de

vida. Comezan unha relación por carta, durante os anos de cárcere e, desde que ambas as dúas saen en liberdade, casan.

A condena de Manolita é a morte, por ter participado na reorganización do PCE, pero conmútanlle a pena pola de 30 anos de prisión. En calquera caso, bota máis de 4 meses (ata o 19 de outubro) no 'soto de penadas', con outras 20 presas políticas e dúas presas 'comúns' (así lle chamaban naquela altura ás presas sociais). O lugar era un soto sen luz cun patio moi pequeno, a onde tamén case non chegaba a claridade do día, cheo de cascudas e ratas.

A partires da conmutación da pena pasa a unha galería, onde están moitas outras camaradas e amigas súas e comeza a participar en obradoiros políticos e culturais, na organización dunha biblioteca ambulante e nas clases de alfabetización para as presas iletradas.

En xaneiro de 1946, as presas políticas de Ventas organizan unha folga de fame, para protestar contra as condicións nas que se atopan e en apoio a unha presa social que fora castigada. Súmanse un 75% das reclusas e marca un antes e un despois nos cárceres franquistas, pero isto ten consecuencias para as organizadoras, sobre todo a dispersión. En setembro trasládana á prisión de Málaga, nunha viaxe longuíssima, na que está varios días nos cárceres de Alcázar de San Juan, Linares e Córdoba. En Málaga bota dous anos, participando sempre nas actividades políticas e nas clases de alfabetización.

En outubro de 1948 trasládana a Segovia, onde volve atopar camaradas e amigas. Segue coa súa actividade política e, en xaneiro de 1949, organiza e participa, xunto con moitas compañeiras, unha folga de fame de catro días. Os castigos para as participantes prolongáronse durante meses. Moitas foron dispersadas, outras sufriron illamento e incomunicación co exterior, pero concórdase na opinión de que a folga de fame de Segovia marcou un fito, na medida en que supuxo un desafío frontal á ditadura. Manolita del Arco bota 8 anos naquela prisión.

No 1956 trasládana a Alcalá de Henares, onde está catro anos e pico ata que, en 1960, sae en "liberdade". Foi a muller que botou máis anos nos cárceres franquistas, de xeito ininterrompido. En total, preto de 19. Como ela mesma dicía: "saía dun cárcere pequeno para me integrar na inmensa prisión na que se convertera España"

O seu compañeiro, Ángel Martínez, que tamén fora posto en "liberdade", volve ser detido en 1963 e permanece no penal de Burgos ata 1968. Manolita, cunha criatura de ano e medio e embarazada da segunda, pasa a ser 'muller de preso', a visitar a Ángel ao cárcere de Burgos e alí, nas portas das prisións, a participar na organización do MDM (Movemento Democrático de Mulleres), asemade de traballar intensamente nos comités pro Amnistía.

Tras a legalización do PCE, colaborou activamente nas áreas de Internacional e de Sanidade do seu partido. Na última etapa da súa vida axudou a montar o colectivo feminista "Sororidad", que a nomeou presidenta de honra.

Manolita del Arco nunca claudicou, nunca se rendeu e nunca abandonou o combate. Mesmo foi unha das fontes orais de Dulce Chacón para construír *La voz dormida*.

Faleceu en Madrid, o 20 de xaneiro de 2006.

10. NIEVES TORRES SERRANO

Nieves foi a memoria viva deses milleiros de mulleres anónimas e cheas de contradicións que cada día, á súa maneira, construían Igualdade.

Marisa Manchado Torres (filla de Nieves)

Nace en Venturada (Madrid), no 1918. O pai, Celestino, cultivaba a terra, e traballaba como dependente nun comercio, completando estas tarefas coas de albanel e fontanero, o que lle permitiu á familia non pasar necesidades. Pero Celestino faleceu cando Nieves tiña 12 anos e ela, para axudar na mantenza da familia, foi para Madrid, traballar no servizo doméstico. Despois dun tempo en Madrid volveu a Venturada e neste período e sendo ás Xuventudes Comunistas, motivo polo que volveu a Madrid, para formarse na Escola de Cadros. En marzo de 1936 incorporouse á recé fundada JSU.

Cando se produciu o golpe fascista, Nieves entrou a traballar nun obradoiro de costura, coser roupa para as milicias antifascistas. Durante a guerra permaneceu en Madrid, en tarefas de retagarda, en calidade de Secretaria de Organización Provincial da JSU, axudando a organizar as casas da xuventude e participando na formación das xoves que se ían incorporando.

Rematada a guerra entra a traballar no servizo doméstico, nunha casa onde bota un mes e pouco, porque a deteñen en maio de 1939, cando ía botar unha carta ao correo. O motivo é que foi recoñecida na rúa e denunciada por Antonio Sebastián, que fora compañeiro seu na JSU. Ao chegar á comisaría de Núñez de Balboa rápanlle o pelo e, durante o mes que bota detida interrógana a diario, insúltana e humíllana, pero non a torturan fisicamente, segundo ela mesma conta, cousa moi rara, tendo en conta o que lle facían a todas, especialmente a aquelas para as que ían pedir penas graves. Así e todo, o día que a trasladan con outras compañeiras ao cárcere de Ventas, os gardas que as custodian dinlles que van cara o cemiterio do leste, para fusilalas.

O 12 de agosto celébrase o consello de guerra. No sumario hai 30 persoas, 27 homes e tres mulleres. Os cargos son os de reorganizar a JSU e o PCE para cometer actos delitivos contra a orde social e xurídica do novo réxime. Ditan para todas e todos pena de morte e os homes son fusilados o 9 de setembro. Ás tres mulleres: Nieves Torres Serrano, Antonia García Alonso (Toñi) e Antonia Hernández Barrileiro, conmútanlles a pena pola de 30 anos de cárcere, pero antes botan dous meses agardando ser fusiladas, un día detrás de outro. Todo indica que, tras o escándalo do asasinato das 13 Rosas, e sendo elas menores, non se atreveron a matalas. Nieves botou 16 anos no cárcere, Toñi García 11 e Antonia Hernández morreu ao cabo de un ano, de tuberculose, e só lle deron a liberdade o véspera do seu falecemento. As tres mulleres, xunto con algunhas outras, organizan unha comuna, na que botan moi pouco tempo, ao ser trasladadas en maio de 1940, Toñi a Palma de Mallorca e Nieves a Durango.

A súa estadía en Ventas foi curta pero moi produtiva. Na galería de menores, onde estaba, coñeceu a María Sánchez Arbós e Justa Freire Méndez, ambas as dúas pedagogas, vinculadas á Institución Libre de Ensinanza (ILE), beneficiándose de telas como profesoras na chamada Escola de Santa María, que fundaron precisamente coa

finalidade de instruír as presas políticas menores de idade, que era o caso de Nieves. Conta a súa filla Marisa que nesa altura descubriu Nieves a súa vocación de mestra e o seu amor pola literatura (en particular a poesía).

Nieves estivo 7 anos en penais de Euskal Herria, de Durango pasou a Saturrarán e de alí a Amorebieta. Todas as testemuñas de expresas políticas que naquela altura pasaron por Saturrarán concordan en que foi o peor dos cárceres. O edificio estaba tan á beira do mar, que cando subía a marea inundábanse os sotos e ata os baixos. Estaba rexentada por monxas mercedarias e o maltrato era constante: mandaban as mulleres (mesmo ás que tiñan criaturas con elas) en pleno inverno á praia, recoller pedras para o xardín; castigábanas meténdoas en celas case inundadas... e roubáronlles as súas criaturas, todas á vez. Mandaron as nais lavar roupa ao río e, cando volveron, as súas fillas e fillos non estaban.

De Saturrarán trasládana de novo a Ventas durante un curto período de tempo, no que traballa no obradoiro como bordadora e finalmente, a finais de 1943, trasládana a Segovia, un cárcere para homes enfermos de tuberculose que, na altura, se estaba a converter en prisión central de mulleres. Botou moi pouco tempo alí. Despois, novo traslado a Amorebieta, onde enferma e chega a ter unha septicemia. Vólvena trasladar a Segovia e alí participa na folga de fame de 1949. Como seguía tendo problemas importantes de saúde, pasa un tempo no hospital penitenciario de Ventas e de aí lévana para Alcalá de Henares, onde bota o resto da condena. 16 anos presa, ata decembro de 1954.

Durante a súa estadía en Segovia comeza a ser visitada polo amigo dunha amiga súa, que se fai pasar por irmán. Arturo Manchado será desde entón o seu compañeiro de vida. Casan en 1955, pouco despois de saír Nieves do cárcere, e están xuntas ata o falecemento deste. En 1956 nace a súa filla, Marisa Manchado Torres, actualmente compositora musical, que mesmo fixo unha peza para honrar a súa nai: *Ma Mère Nieves*.

Nieves continuou militando toda a súa vida, nomeadamente nas organizacións sociais. A comezos dos anos '70, cando a súa actividade se centraba no movemento veciñal, decidiu entrar na asociación de amas de casa do seu barrio, porque compartía a reivindicación de que as "amas de casa" cobraran un salario, xa que "se elas non facían o traballo doméstico, alguén o tería que facer, xa que logo era un traballo e xeraba plusvalía, así que debía ser remunerado". Non demorou moito en decatarse de que a asociación (e os seus postulados ao respecto) non eran feministas, o que a induciu a deixala e centrarse de novo no movemento veciñal.

Nos anos '90 participou activamente nunha comisión de ex presas políticas que coincidiran en Ventas coas 13 Rosas, reclamando que colocaran unha placa cos nomes das 13 no cemiterio do Leste, a onde acudía, cada 5 de agosto, ao acto de honra en memoria das menores e do resto das persoas asasinadas pola ditadura, así coma tamén participou nas actividades reivindicativas pola recuperación da memoria das mulleres.

Faleceu en Madrid, o 17 de decembro de 2013, mentres durmía, que foi o que sempre desexou, segundo conta a súa filla. Estivo acubillada e acompañada pola súa familia e amigas ata o final.

11. JUANA DOÑA JIMENEZ

Naceu en Madrid, o 27 de decembro de 1918 e pasa a infancia e parte da xuventude coa súa familia, no barrio de Lavapiés.

Aos 14 anos comeza a súa actividade política e afíliase ás Xuventudes Comunistas. Ese mesmo ano detéñena por primeira vez, por participar nun piquete na folga xeral de Madrid. A segunda detención prodúcese en 1935, nunha reunión do PCE, ilegalizado polo goberno da CEDA tras a Revolución de Asturias; desta vez vai para o cárcere de Ventas, do que sae en febreiro de 1936, tras a vitoria electoral do Frente Popular.

Foi secretaria do Comité Central das Xuventudes Comunistas, forma parte activa (e relevante) do proceso de construción da Xuventude Socialista Unificada (JSU) e da Agrupación de Mulleres Antifascistas. Na JSU coñece a Eugenio Mesón Gómez, que vai ser o seu compañeiro de vida.

Nos primeiros meses da guerra desenvolve un amplo labor na retagarda, por estar embarazada da súa primeira filla, que nace en xaneiro de 1937 e á que lle poñen o nome de Lina, en memoria de Lina Ódena⁵. A nena falece seis meses despois, dunha meninxite. No 1938 nace o seu segundo fillo, Alexis. Naquela altura, Juana segue a desenvolver a súa actividade na Agrupación de Mulleres Antifascistas.

Tras o golpe de Casado é detido Eugenio Mesón Gómez. Juana sae cara Alacante, co seu fillo Alexis, o seu sogro e súa irmá Valia, para tentar saír de España, pero non o conseguen. Son detidas polos fascistas e ela, xunto co seu neno, van parar ao campo de concentración de 'Os Almendros'. Logo bota varios días nun cinema habilitado como prisión e despois lévana para o cárcere de Alacante.

O mesmo que lle sucede a moitas outras, déixana en liberdade ás poucas semanas, xa que aos fascistas lles resultaba imposible identificar a todas as detidas. Mándanas para as súas vilas e cidades de orixe, onde a Falange ten aterrorizada a veciñanza para que delaten a xente e así detela despois. A Juana, ao seu fillo e á súa irmá métenas nun tren de mercadorías con destino a Madrid, xunto con outras moitas mulleres e criaturas. Botan unha semana no camiño. O traxecto é terríbel e mesmo falecen varias nenas e nenos, sendo obrigadas as súas nais a deixar os corpos na plataforma da estación, en Valencia.

Ao chegar a Madrid agóchase, consegue documentación falsa e deste xeito pode ir visitar a Eugenio. Entra en contacto co PCE e participa nun plan para rescatar varios militantes do partido, presos en Yeserías. A fuga fracasa e, pouco tempo despois, a policía detén a Juana, a súa irmá Valia e a súa nai, Paca. Todas son salvaxemente torturadas en Gobernación, especialmente Juana que é unha das mulleres máis duramente (e durante máis tempo) maltratadas polos corpos represivos franquistas. De feito, botan 19 días torturándoa e, despois de levala ao cárcere de Ventas e botar alí outros 20 días incomunicada, excarcéranana, vólvena levar a gobernación e tortúranana de novo, de todos os xeitos imaxinábeis e mesmo inimaxinábeis durante varios días

⁵ Lina Odena García foi unha militante comunista catalá. En setembro de 1936, o condutor do coche no que viaxaba enganouse de ruta e foi parar a un control da Falanxe. Lina tirou entón da súa arma e suicidouse, para que non a mataran eles.

máis. De volta no cárcere de Ventas, colabora nas tarefa de organización das presas, e de alfabetización das (moitas) que non sabían ler nin escribir. Sae en liberdade a finais de maio de 1941, un mes e moi poucos días antes de que fusilen a Eugenio Mesón, ao que logra visitar bis a bis nalgunha ocasión durante este curto período de tempo.

Juana volve á loita clandestina, dentro do PCE e en 1944 incorpórase á guerrilla urbana, en Madrid. Nesta situación bota máis de dous anos, desenvolvendo accións contra os corpos represivos do réxime, asemade de tarefas de enlace e transporte. Detéñena de novo en febreiro de 1947 e, máis unha vez, ten que soportar as torturas da brigada político social. Despois de case un mes en gobernación, ingresa no cárcere de Ventas. En maio dese mesmo ano é xulgada e condenada a dúas penas de morte. Nun dos seus libros conta a experiencia na galería de penadas, nunha cela escura e húmida, chea de cascudas que lle subían polo corpo, e sen saber en que momento a ían fusilar. Mentres, fóra, a súa familia e o PCE inician unha campaña para lle salvar a vida, cousa que finalmente acontece grazas á intervención de Eva Perón (naquela altura de viaxe oficial en España) coa que a súa familia chega a contactar grazas a unha compañeira da súa irmá Valia, actriz e coñecida de Eva. O resto dos compañeiros imputados no sumario son fusilados.

Condenada a 30 anos de cárcere tras a conmutación da pena de morte, pasa case 18 en diversas prisións do estado: Ventas (Madrid), Segovia, Guadalajara e Alcalá de Henares. Durante este tempo desenvolve un intenso labor nos cárceres polos que pasa. Axuda na alfabetización das presas, organiza talleres de costura, participa nas protestas das presas políticas, unha das cales é a folga de fame en Segovia.

Unha das cousas que cómpre destacar sobre o seu papel nos 18 anos de cativeiro, é a crítica que lle fai ao Partido cando este ‘condena’ o comportamento das presas lesbianas (ou mesmo ‘sospeitosas’ de selo), e tamén o de aquelas que non resisten a tortura e chegan a delatar algúns compañeiros e compañeiras.

No 1961 sae en liberdade e comeza a traballar na asesoría xurídica da Federación do Transporte de CC.OO. Alí continúa coa súa militancia no PCE, pero xa vinculada co feminismo, comezando a percibir as contradicións que se producen entre unha militancia e a outra. Cara a 1968 deixa o PCE e entra no PCPE (Partido Comunista de loo Pueblos de España).

Na primeira metade dos anos '70, a policía franquista detén o seu fillo, Alexis Mesón Doña, que na altura militaba no PCE (m-l). Alexis vai para o cárcere e ela decide marchar a Francia, onde permanece ata xaneiro de 1976. Nesas data regresa a Madrid, con Franco morto e Alexis en liberdade. Ao volver afíliase á ORT pero a súa militancia fundamental era e seguiu a ser sempre no feminismo. Despois de uns meses na antedita organización volve ao PCE e alí permanece ata o seu pasamento.

En 1978 funda en Madrid o ‘Movimiento por la Libertad y la Igualdad de la Mujer’ (MLIM), que edita a revista feminista ‘La SAL’. O MLIM ten unha gran proxección social durante os anos '80 e '90. Na altura, Juana visita diversos países (URSS, Checoslovaquia, Italia, EEUU), asistindo a eventos feministas en representación da organización.

Diagnosticada dunha enfermidade grave, Juana trasládase a Barcelona, paar os seus últimos tempos co seu fillo Alexis, onde falece o 18 de outubro de 2003, aos 85 anos,

rodeada da súa familia, amizades e camaradas. Como nos conta o seu fillo “Foi un exemplo de coherencia política, loitadora infatigable e de gran lucidez, e un referente para infinidade de militantes da esquerda e feministas”.

Deixounos algunhas achegas valiosísimas:

- ★ *La Mujer*. Madrid: Ed. Emiliano Escolar. Colección Tribuna Popular, nº 1, 1977.
- ★ *Desde la noche y la niebla (mujeres en las cárceles franquistas)*. Madrid: Ediciones de la Torre, 1978 (reeditado por horas y Horas, en 2012)
- ★ *Gente de abajo (no me arrepiento de nada)*. Madrid: A-Z, 1992.
- ★ *Querido Eugenio (una carta de amor al otro lado del tiempo)*. Barcelona: Lumen, 2003.

12. MARIA BLAZQUEZ DEL POZO. "MARI", "MARUJA"

Naceu en Madrid, en 1919. Non sabemos a data exacta, nin temos outros datos, por exemplo familiares. Cursou estudos primarios e despois Enfermaría, malia que no auto da súa detención en 1939 consta que é modista de profesión, coma a maioría das mozas detidas na altura.

En 1935, con 16 anos, afíliase á "Unión de Juventudes Comunistas de España" (UJCE) e en marzo de 1936, tras as eleccións nas que trunfa o "Frente Popular" incorpórase ás "Juventudes Socialistas Unificadas" (JSU), desde o mesmo proceso de unificación. Nas JSU desenvolve responsabilidades políticas importantes en Madrid, arredor do radio de Ventas, actividade na que bota os tres anos que durou o asedio fascista.

Ao longo deste período inicia unha relación de parella con Luís Villalobos Saelices, xornaleiro e militante comunista. En abril de 1939 é detida, xunto con outras militantes das JSU e levada á sede de gobernación, onde, malia o seu embarazo, é torturada salvaxemente. Segundo ela mesma lle relata a Tomasa Cuevas: *"Chámome María Blázquez del Pozo e fun detida en abril do 39. Estaba embarazada da miña nena. Torturáronme barbaramente e, entre outras cousas que me fixeron, foi meterme nun baño e aplicarme correntes nos peitos. Condenáronme a 11 anos, mentres criaba a miña filla unha irmá miña, que me fixo moi mala prensa con ela, polo que ao saír do cárcere a pequena non me quería"*.

Estando ela no cárcere, o 12 de xullo de 1940, é fusilado o seu compañeiro en Madrid, contra as tapias do cemiterio do leste. María estivo nos cárceres de Ventas, Durango, Bilbao e novamente en Ventas, ata que saíu en liberdade condicional en febreiro de 1943, reincorporándose á militancia no PCE. En 1944 coñece e inicia a relación co que será o seu compañeiro de vida, José Gómez Gaioso (alcumes de guerra, *Juan, Carlos e López*), que volvera recentemente desde o exilio en Cuba, para axudar na reorganización do Partido.

No verán de 1945, Gaioso e María son enviados polo PCE a Galiza, para desenvolver o proceso de reorganización do Partido e da Resistencia Armada, el como responsábel político e ela coma a súa asistente. Instálanse na Coruña e alí permanecen no seu traballo clandestino tres anos, ata a súa detención.

No ano 1947, o aparato represivo da ditadura infiltra na guerrilla o ex oficial (tenente) do exército da República Alejo Pablo Mora, que logra ser admitido na organización dicindo que o andaban a perseguir e facendo valer a súa condición de militar republicano. Comeza aí o proceso que remataría cando o suxeito en cuestión dá á Garda Civil a información necesaria para que, entre os días 10 e 11 de xullo de 1948, deteñan once persoas, todas elas vinculadas co PCE e coa Resistencia Armada en calidade de dirixentes, militantes e enlaces.

O día 10 deteñen a Josefina González Cudeiro e Antonio Seoane Sánchez, e o día 11 a María Blázquez del Pozo, José Gómez Gaioso e sete persoas máis. Todas elas son sometidas a torturas brutais durante case dous meses. No caso de María sen ter en conta que estaba embarazada, aínda contando cunha certificación do hospital onde

fora atendida da ferida abdominal o día da detención. Malia isto, tanto María coma o resto das detidas aguantaron todo canto lles fixeron sen delatar a ninguén.

A primeiros de setembro son trasladadas ao cárcere provincial da Coruña e o 18 de outubro celebrouse un xuízo farsa contra as once persoas. Gaioso, Seoane e Bartrina son condenados a morte e, tras conmutar a de Bartrina, executan as outras dúas o día 6 de novembro, no propio cárcere.

A sentenza de María é de 25 anos, dos que cumpre 15 en diversos cárceres do estado; A Coruña, Segovia, Madrid, Málaga e Alcalá de Henares. En Segovia participa na folga de fame da que vimos falando nestas páxinas. Debemos destacar o feito de que, se o resto das presas reciben presións de todo tipo para que abandonen, ela recibe máis. Ao estar embarazada de 7 meses, tanto a dirección da prisión coma o crego da mesma chámalle asina continuamente, porque (dinlle) está a pór en perigo a vida do seu fillo, ao que vai rematar matando. Curiosa presión se temos en conta que o seu estado de xestación non lles impedira aos fascistas torturala brutalmente durante os dous meses que permaneceu nas dependencias da “Brigadilla” na Coruña, nin os induciu a coidar da súa alimentación e, en xeral, da súa saúde antes (nin despois) da dita folga de fame, nin evitou que a meteran nas temidas celas do baixo da prisión, como castigo pola súa folga de fame... Malia todo isto, María non claudicou; nin deixou a folga, nin asinou un documento “arrepentíndose” cando llo requiriron como condición para levantarlles o castigo. De feito, o parto produciuse en pleno período de “reclusión en cela” e por isto foi trasladada a Madrid, á prisión de nais lactantes.

Durante o tempo que coincidiu con Fina González Cudeiro, en diversos cárceres, ambas as dúas estreitaron o vínculo de amizade, que durou mentres María viviu. Ao saír en liberdade condicional, en 1963, puido comprobar, máis unha vez, que a súa irmá, que se fixera cargo da crianza da súa filla e posteriormente do seu fillo (nado en prisión), malmetera abondo contra ela, á que lle recriminaba “ter escollido” o seu compromiso militante, no canto de coidar das súas crianzas, que agora non a aceptaban. Desta maneira, tivo que se enfrontar ao rexeitamento da súa familia, con toda a dor que isto lle causou. Malia isto, o seu fillo, José Gómez Blázquez foi vivir con ela, pero, dous anos máis tarde, detectáronlle un cancro de mama. Ela decidiu trasladarse entón a París, onde sabía que tiñan tratamentos máis avanzados contra a enfermidade, pero esta xa estaba moi avanzada e non houbo nada que facer...

María faleceu en París o 15 de setembro de 1965, como consecuencia da enfermidade, probabelmente agravada (ou mesmo producida) polos malos tratos, o tempo e as condicións do encarceramento e o rexeitamento familiar.